

Expediente núm.: 391/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Aprobación de convocatoria e bases de selección de persoal. Proceso selectivo para cubrir por promoción interna a praza de Oficial de Servizos Múltiples.

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL, BAREMACIÓN DE MÉRITOS E REALIZACIÓN DE PROBAS EN PROCESO “SELECTIVO OFICIAL DE SERVICIOS MÚLTIPLES” POR PROMOCIÓN INTERNA, PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE AS NEVES DE 2018.

Transcorrido o prazo de dez días hábiles para presentación de subsanacións ou reclamacións desde o día 3 de marzo de 2022 no que se publicou no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* a listaxe provisional de admitidos a este proceso selectivo de oficial de servizos múltiples sen que se presentasen reclamacións nin tampouco recusacións ou abstencións dos membros do tribunal nomeado, esta Alcaldía, en virtude das facultades previstas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVE

Primeiro.- Avoca-la competencia prevista no artigo 21.1.g) LBRL e delegada por Decreto de Alcaldía de 9 de xullo de 2019 na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo convocado, sen que proceda realizar ningunha modificación sobre a lista provisional:

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS: Manuel Gándara Souto
ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS: Ningúen

Terceiro.- Determinar a data e lugar de constitución do tribunal: **Na Casa Consistorial de As Neves o día 5 de abril de 2022, ás 9.00 horas**

Cuarto.- Determinar a data e hora de baremación de méritos: **O día 5 de abril, ás 9.30 horas.**

Quinto.- Determinar a data e hora e celebración do primeiro exercicio: **O día 5 de abril, ás 10.00 horas.**

Sexto.- Determinar a data e hora de celebración do segundo exercicio: **O día 5 de abril, ás 11.30 horas.**



Sétimo.- O aspirante deberá presentarse para a realización da cada exercicio provisto do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Oitavo.- Publicar o contido desta Resolución na páxina web (<https://asneves.gal>) e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello (<http://concelloasneves.sedelectronica.gal>), para unha maior difusión.

Noveno.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, ante min, a Secretaria-Interventora, dona Rosa Maria Cortés Redondo, nas Neves, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electronicamente

